

ENCUENTROS DE TECNOLOGÍAS INNOVADORAS

Software libre

Apertura

M^a José Mariño
GAIN

Apoio da Xunta de Galicia ao software libre

Miguel Rodríguez
AMTEGA

Asociacionismo galego en software libre

Luis A. Fernández
AGASOL

Ferramentas de software libre para desenvolvemento de aplicacións virtuais

GIMP

David Pousada

Blender

Moncho Palleiro

Godot

Óscar Carballal

Coloquio

Segundo o "Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia", adscrito a AMTEGA, Galicia ocupa a sexta posición estatal no uso de software libre entre as pemes e as grandes empresas.

Non obstante, no devandito uso obsérvanse diferenzas destacables atendendo ao sector. Se ben no sector servizos está entre o 70% en microempresas e o 85,5% en empresas de 10 ou máis empregados/as, no sector da construción o uso do software libre vaise do 52% ata o 92,5%, e na industria está entre o 67,8% e o 80,5%.

Nesta xornada, organizada en colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA), daranse a coñecer algunhas das ferramentas de software libre que permiten desenvolver aplicacións virtuais.

En primeiro lugar, comezarse con GIMP, o programa de edición e retoque de gráficos máis popular do software libre, que permite crear texturas para os modelos 3D. A continuación, mostrarase o programa Blender, software de modelado 3D gratuito e de código aberto, que permite crear os modelos 3D, no que se utilizarán as texturas creadas. Finalmente verase GODOT, motor de xogos multi-plataforma de código aberto e gratuito, no que se poden importar os modelos 3D creados e xerar as aplicacións virtuais que se precisen.

A xornada desenvolverase sobre unha ferramenta de videoconferencia de software libre, Big Blue Button, xestionada dende AMTEGA.

28 de novembro de 9:30 a 11:30 h · Modalidade online · Prazo de inscrición ata o 27 de novembro na web do CIS Tecnoloxía e Deseño

Tfno. +34 981 337 173 · email infocistd.gain@xunta.gal